




CPI DO TOURAL

Vilaboa

Curso 2022/2023

ED. VALORES 2º de Educación Primaria

ANA MARÍA ÁLVAREZ HERMIDA

ÍNDICE

- 1.- Introducción e contextualización.
- 2.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave.
- 3.- Obxectivos xerais e concreción dos obxectivos para o curso.
- 4.-Contidos e estándares de avaliación.
- 5.-Concrecións metodolóxicas.
- 6.-Materiais e recursos didácticos.
- 7.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumna.
- 8.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
- 9.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar.
- 10.- Medidas de atención á diversidade.
- 11.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso.
- 12.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación aos resultados académicos e procesos de mellora.

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación ten como marco legal para a súa elaboración o decreto de currículo de educación primaria (*Decreto 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria en Galicia*). Así mesmo, tamén se tomará como referencia outra lexislación de referencia como a orde do 9 de xuño do 2016 polo que se regula a avaliación e promoción do alumnado de educación primaria e a orde de calendario escolar para este curso (*Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*).

Esta programación vai dirixida ao alumnado do **2º nivel de primaria** con 7 alumnos e 2 alumnas.

A lingua materna predominante alumnos/as, no alumnado é o castelán. No centro téntase empregar a partes iguais o galego e castelán; e na contorna empréganse o galego, o castelán, o árabe e o caló debido á diversidade cultural da zona.

O nivel sociocultural das familias é medio e conségtase, no tocante aos temas académicos, unha implicación ou interese distinto dependendo de cada familia aínda que hai unha boa predisposición a colaborar coas actividades propostas desde a aula.

A comunicación que se establece escola-familias é boa e fluída, o que favorece o desenvolvemento do traballo na aula.

En canto ás **dificultades** coas que nos atopamos, cabe destacar os distintos niveis de competencia curricular que hai dentro do grupo, o grado de desenvolvemento lingüístico, o grado de maduración e a motivación intrínseca do alumnado.

2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Esta programación deseñada para a área de matemáticas e educación en valores contribuirá ao longo do curso as diferentes competencias clave propostos polo decreto de currículo, o cal as define como; *"as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos"*. As competencias clave forman parte das ensinanzas da educación obrigatoria, xunto cos obxectivos de cada área ou materia, cos contidos e cos criterios de avaliación. Polo tanto, non substitúen os elementos que actualmente se contemplan no currículo, senón que os completan formulando un enfoque integrado e integrador de todo o currículo escolar.

Nesta programación as competencias clave aparecerán por siglas nas seguintes táboas pois parécenos moito máis operativo.

- Competencia en comunicación lingüística. (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)
- Competencia dixital. (CD)
- aprender a aprender. (CAA)
- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

3.- OBXECTIVOS XERAIS E CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA OCURSO

No artigo terceiro, do decreto de currículo, recóllense os obxectivos da educación primaria. Estes obxectivos traballaranse ao longo de toda a etapa de primaria dende todas as materias. que contribuirán a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Os **OBXECTIVOS** veñen definidos polo decreto no artigo catro como os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

Para a materia de educación en valores.no segundo curso e para este curso académico teremos os seguintes obxectivos segundo a lexislación vixente.

- Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a valorando positivamente as súas características físicas e calidades, expresándoa mediante a linguaxe oral e representacións.
- Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar.
- Autorregular as condutas cotiás e adquirir algunha estratexia de control dos impulsos.
- Desenvolver actitudes para actuar con motivación e responsabilidade.
- Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal
- Aprender a comunicarse expresando de forma clara as ideas, escoitando con atención e respectando a quenda de palabra.
- Comprender a outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións.
- Descubrir e comprender as diferenzas entre as persoas, realizar valoracións positivas das súas calidades e facer cumprimentos.
- Participar en actividades grupais e de equipo, tendo en conta as propias necesidades e amosando unha boa disposición para recibir e dar axuda.
- Recoñecer, explicar e buscar solucións sinxelas aos conflitos habituais no colexio.
- Valorar as condutas cotiás en relación ás normas de convivencia do colexio e realizar un uso responsable dos materiais escolares.
- Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.
- Valorar as normas de seguridade viaria.

4.-CONTIDOS E ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN

A continuación móstranse as táboas de nas que se relacionan os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación para os devanditos cursos.

EDUCACIÓN EN VALORES

Área de Valores sociais e cívicos.

Os Valores sociais e cívicos resultan fundamentais na nosa sociedade, para que as persoas poidan exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social. De aí a importancia de que a educación facilite a construción da identidade individual e potencie relacións interpersoais enriquecedoras para fortalecer a convivencia, consonte valores cívicos socialmente recoñecidos.

A área Valores sociais e cívicos axuda, en gran medida, a garantir o dereito universal dos nenos e das nenas a recibir unha educación que lles permita desenvolverse plenamente nas súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Así mesmo, reforza a preparación das persoas para actuar como cidadanía participativa e implicada na mellora da cohesión, a defensa e o desenvolvemento da sociedade democrática. Esta formación inclúe a adquisición de competencias sociais e cívicas – persoais, interpersoais e interculturais– para participar dunha maneira eficaz e construtiva en sociedades cada vez máis diversificadas.

A proposta desta área, formar ás persoas desde o inicio da educación primaria na reflexión e a vivencia de valores, responde á preocupación por mellorar a calidade da educación de todo o alumnado, fomentando o desenvolvemento de procesos educativos que potencien a participación individual para lograr fins colectivos. Deste xeito, enriquecéanse as experiencias sociais dos alumnos e das alumnas, tendo en conta que viven en sociedade mentres se forman e que as vivencias compartidas na escola enriquecen as súas aprendizaxes.

A área incita á reflexión e propón aprendizaxes relativas á dignidade persoal, ao respecto aos demais e aos valores sociais na convivencia. En primeiro lugar, o propósito é que cada alumno e cada alumna adquiera as competencias necesarias para construír un autoconcepto axustado e unha boa autoestima, para tomar iniciativas responsables e vivir con dignidade. Unha vez elaborada a súa identidade persoal, o neno e a nena están preparados para recoñecer o outro ou outra. Por iso, indúcese á empatía, ao respecto e á tolerancia das outras persoas e propóñense elementos relacionados coas habilidades necesarias para relacionarse e actuar de acordo cos dereitos e deberes humanos fundamentais.

Unha vez que as persoas somos quen de coñecernos e aceptarnos á vez que comprendemos e respectamos os demais, podemos asumir a complexidade da Convivencia social. Neste momento, estímúlanse actitudes que propician a interdependencia positiva, a cooperación e a solidariedade de acordo cos valores, dereitos e deberes do Estatuto de Autonomía de Galicia e da Constitución Española.

Neste sentido, favorécese a comprensión dos principios de xustiza, liberdade e seguridade, sobre os que se asenta a garantía da convivencia democrática, a promoción do progreso da cultura e da economía, así como o establecemento e a colaboración no fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre todos os pobos da terra.

Desta maneira oriéntase aos alumnos e ás alumnas para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

Valores sociais e cívicos contribúe a que o alumnado mellore a súa competencia para aprender e ter iniciativa, estimulando a motivación, o esforzo e as capacidades de reflexión, síntese e estruturación. Axúdaos a enfrontarse aos problemas, experimentar e realizar proxectos en equipo, traballar de forma independente, tomar decisións e xerar alternativas persoais.

A metodoloxía na aula debe fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o

académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente.

O ensino da área require que o profesorado estimule a axuda mutua e o traballo cooperativo, co que a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado se contribuirá a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Debe potenciar, ademais, o desenvolvemento de competencias que lles permitan aos alumnos e as alumnas considerarse valiosos e valiosas e axudar ás demais persoas, á vez que se senten recoñecidos e recoñecidas e se mostran receptivos e receptivas para recibir axuda na resolución de problemas.

Para facilitar a concreción curricular establécense tres bloques de contidos. Non obstante, deben entenderse como un conxunto e desenvolverse de forma global tendo en conta as conexións internas tanto a nivel de curso como ao longo da etapa.

As propostas metodolóxicas son decisivas para favorecer que se integren na súa vida cotiá o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Polo tanto, necesariamente, haberá que partir das experiencias, problemas e intereses do alumnado —xa que todo o traballado nesta área ten un compoñente vivencial— para propiciar o pensamento en perspectiva e a implicación emocional. Cumprirá deseñar tarefas e/ ou proxectos de traballo en contextos auténticos que permitan levar a cabo estas vivencias e que potencien que cada rapaz e cada rapaza teñan os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e das súas

contribucións aos diferentes grupos nos que desenvolven a actividade. De aí a importancia de propoñer o traballo cooperativo para a realización das tarefas, que lles permite ás alumnas e aos alumnos a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse cos demais.

Finalmente, mediante a toma de decisións baseadas en xuízos morais e a resolución de problemas e conflitos en colaboración, contribúese á adquisición das competencias necesarias para seguir diversos procesos de pensamento, utilizar o razoamento lóxico e a

EDUCACIÓN EN VALORES 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEGUNDO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA					
!	m	B1.1. O autocoñecemento. A autopercepción. A imaxe dun mesmo/a. As calidades persoais. A percepción das emocións. O recoñecemento das emocións. A linguaxe emocional.	B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a en base ás autopercepcións e autodescrición de calidades.	VSCB1.1.1. Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres.	! ! CSC CCL
! !	a m	- B1.2. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Asociación pensamento-emoción. - B1.3. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva.	B1.2.Estruturar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.2.1. Detecta en si mesmo/a sentimentos negativos e emprega estratexias sinxelas para transformalos.	! ! CSC CSIEE
				VSCB1.2.2. Motívase mediante estratexias sinxelas de pensamento en voz alta durante o traballo individual e grupal.	! ! CSIEE CAA
				VSCB1.2.3. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións.	! ! CCL CSIEE
				VSCB1.2.4. Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	! ! CCL CSC
!	b	B1.4. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. A realización responsable das tarefas escolares. A motivación.	B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación extrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	VSCB1.3.1. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.	! ! CSC CSIEE
				VSCB1.3.2. Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.	! ! CSC CAA

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
! b ! m	B1.5. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración.	B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	VSCB1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación.	! CSC ! CSIEE
			VSCB1.4.2. Toma iniciativas de actuación durante a colaboración.	! CSC ! CSIEE
! a ! c	B1.6. A iniciativa. A automotivación. A autoproposta de desafíos.	B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	VSCB1.5.1.Participa con interese na resolución de problemas escolares.	! CSIEE ! CSC
			VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia.	! CSC ! CCL
BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS				
! m	B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos.	B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	VSCB2.1.1 Expresar con claridade sentimentos e emocións.	! CCL ! CSC ! CSIEE
			VSCB2.1.2.Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións.	! CAA ! CSIEE
			VSCB2.1.3. Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade.	! CCL ! CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
! m ! e	▪ B2.2. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.	▪ B2.2. Empregar a aserción.	▪ VSCB2.2.1. Emprega a linguaxe positiva.	! CCL ! CSC
! c ! m	▪ B2.3. A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.	▪ B2.3. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.	▪ VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.	! CSC
! a	▪ B2.4. O respecto, a tolerancia e a valoración das demais persoas. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado. ▪ B2.5. A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio.	▪ B2.4. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	▪ VSCB2.4.1. Identifica distintas maneiras de ser e actuar.	! CSC ! CSIEE
			▪ VSC2.4.2. Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.	! CSC ! CSIEE
! c ! m	▪ B2.6. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo.	▪ B2.5. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	▪ VSCB2.5.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.	! CSC ! CSIEE
			▪ VSCB2.5.2 Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	! CSC ! CSIEE
BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS				

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
! b ! m	- B3.1. Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas. - B3.2. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisións.	B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	VSCB3.1.1. Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas.	! CSC ! CSIEE
			VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.	! CSC ! CSIEE
! b	- B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, compartir puntos de vista e sentimentos. - B3.4. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa.	B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	! CAA ! CSIEE ! CSC
			VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	! CSC
! a	B3.5. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social.	B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas da aula.	! CCL ! CSC
			VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares.	! CSC ! CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
!	c	B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	VSCB3.3.3 Participa na elaboración das normas da aula	! CCL ! CSC ! CSIEE
			VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar.	! CSC
			VSCB3.4.1. Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade.	! CSC ! CSIEE
			VSCB3.4.2. escoita as razóns das persoas coas que entra en conflito, comprendeas, na medida das súas posibilidades e expónas oralmente.	! CCL ! CSIEE ! CSC
!	a	B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	VSCB3.4.3. Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito.	! CSC ! CSIEE
			VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes.	! CSC ! CCL
			VSCB3.5.1. Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas.	! CSC ! CCAC
			VSCB3.5.2. Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar.	! CSC ! CL ! CSIEE
!	a	B3.7. Os dereitos e deberes. A declaración dos Dereitos do Neno: alimentación, vivenda e xogo. Igualdade de dereitos dos nenos e nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.	B3.5. Analizar, en relación coa experiencia de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas do mundo.	! CSC ! CCAC
			VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.	! CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
! d ! m	B3.8. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social.	B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres.	VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	! CSC ! CCL
			VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	! CSC ! CSIEE
! c ! k	- B3.9. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes no ámbito escolar e doméstico. - B3.10. Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e de calidade.	B3.7. Tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos.	VSCB3.7.1. Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos.	! CSIEE
			VSCB3.7.2. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.	! CCL ! CSIEE
			VSCB3.7.3. Expresa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes.	! CCL ! CSC

5.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía será activa e participativa; e ademais, debe facilitar a aprendizaxe tanto individual como colectiva e perseguir, como un dos seus eixes fundamentais, a adquisición das competencias clave, especialmente da social e cidadá e da relacionada co coñecemento e coa interacción co mundo físico e a matemática.

A aplicación da metodoloxía farase fixando hábitos de traballo, como resolver as actividades do libro, comprender a finalidade dos seus apartados e desenvolver os contidos procedimentais considerados na programación. Traballarase moito de xeito cooperativo, seguindo o traballo do curso anterior, onde cada neno ten un rol a desempeñar no seu grupo e sen o cal non estaría o grupo ao completo. Basearase deste xeito en que escoiten, respecten e cheguen xuntos á una solución razoable de maneira conxunta. Así mesmo, tamén realizaremos actividades de xeito interactivo na aula ordinaria (como a realización de tarefas por estacións) e actividades coas tecnoloxías na aula de informática ou na propia mediante aplicacións como plikers ou o ordenador do que dispoñemos na aula. Vencellado a isto, tamén cabe destacar que na hora de libre configuración que empregaremos como reforzo e afondamento, poñeranse en contacto con diferentes tipos de xogos de mesa onde terán que realizar diferentes cálculos mentais, comprender e interpretar as normas dos xogos e, sobre todo, respectaraos compañeiros.

A aprendizaxe cooperativa vainos permitir, pois, unha mellor adquisición das competencias clave. Dende outro punto de vista queda xustificada a importancia do traballo cooperativo, no Decreto 105/2014 de 4 de setembro polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, onde incide na idea de traballar desta forma. A nivel de centro, pertencemos ás escolas unesco, dentro da cal estamos plenamente inmersos dentro do proxecto “desplastifícate”, co que intentamos reducir o uso dos plásticos e colaborar para que todo o centro realice unha reciclaxe eficiente.

6.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- § Libro de texto
- § Caderno
- § Pizarra dixital
- § Xogos online
- § Xogos matemáticos
- § Material manipulable
- § CD

7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

PROCEDIMIENTOS E INSTRUMENTOS DE EVALUACIÓN DA ÁREA DE VALORES

40%	Exposicións orais. Intervención na aula. Debates	Observación directa. Rúbrica
20%	Produccións propias, reflexións.	Observación directa. Escala de valoración
40%	Actitude ante a materia. Comportamento. Traballo en equipo.	Observación directa. Rúbrica

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

	escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión ora e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

- Periodicidade coa que se revisará.
- Contidos que foiprecisoengadiroueliminarconrespectoá programación prevista.
- Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.

Indicadores

	Escala			
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
11. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
12. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
13. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
14. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
15. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
16. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
17. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
18. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
19. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
21. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
22. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
23. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
24. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR

Durante o mes de setembro realizarase unha avaliación inicial para saber de onde partir co alumnado. Para iso, realizarei unha proba que se realizará na clase na que se traballaran contidos do curso anterior para saber ata qué punto acadaron os obxectivos do curso anterior.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na actualidade dentro da aula podemos encontrar con moitas variables e nós como docentes debemos prestarlles atención, así queda reflectido no Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Ley orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. Neste Decreto establécense medidas ordinarias como: desdobramentos de grupos, adaptación de instrumentos de avaliación e dos seus tempos, etc...

A titora, en colaboración co departamento de Orientación, propondrá actividades de ampliación e de reforzo nos casos e momentos que se considere necesario.

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO

Traballaremos temas como a igualdade, a cooperación, o acoso, a sensibilidade co medio ambiente, prevención da violencia de xénero, a non discriminación, resolución pacífica de conflitos, a non discriminación por estereotipos e contidos sexistas...

Colaboraremos con todas as iniciativas do colexio nas datas que traballen sobrecalquera destes temas.

Así mesmo, adicaremos un tempo na aula para a Educación Emocional , e a través de historias,contos, imaxes, curtas, vídeos, iremos cara a reflexión crítica sobre nós mesmose o mundo que nos rodea, establecendo actitudes críticas e buscando solucións a través do diálogo.

As creacións persoais, tanto literarias como plásticas serán un medio importante de expresión de sentimentos e emocións no ámbito concreto dos contidos transversais

12.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN AOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Ao longo do curso revisarase a programación. Flexibilizarse sempre en función ás demandas do alumando, xa que non se pode avanzar en certos contidos mentres nonteñan asimilados os anteriores.

Cara o final de curso, farase unha reflexión sobre os logros conseguidos, e de non conseguilos, cales foron as circunstancias que o impediron.

Finalmente, concluír que o que se pretende con esta programación é lograr o interese e a motivación cara as diferentes materias e lograr un alumnado